

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

16350 *Corrección de erros do Real decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións.*

Advertidos erros no Real decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior das edificacións, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 78, do 1 de abril de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 70, no punto «5.4 Canalización de enlace», as segundas alíneas a) e b), nas liñas 17 a 21, e a súas correspondentes notas, deben quedar redactadas como segue:

a) Situando a bandexa ou os cables non armados nun lugar en que esta non se encontre suxeita a ningún tipo de risco mecánico ¹ e os cables non sexan accesibles. As solucións adoptadas xustificaranse no proxecto da instalación ²;

b) Dispondo algún tipo de protección mecánica adicional polo menos naquelas zonas nas cales a bandexa ou os cables non armados se encontren suxeitos a algún tipo de risco mecánico ³;

Na páxina 80, no punto «6.2.1 Tubos», as tres primeiras filas da táboa substitúense polas seguintes:

Características	Tipo de tubos		
	Montaxe superficial	Montaxe encaixada	Montaxe enterrada
Resistencia á compresión.	≥ 1.250 N	≥ 320 N	≥ 450 N
Resistencia ao impacto.	≥ 2 J	≥ 1 J para R = 320 N ≥ 2 J para R > 320 N	Normal
Temperaturas de instalación e servizo.	-5 °C ≤ T ≤ 60 °C	-5 °C ≤ T ≤ 60 °C	Non declaradas

Na páxina 81, na táboa do punto «6.2.2 Canles», as filas primeira (Dimensión da canle) e terceira (Temperatura de instalación e servizo), substitúense polas seguintes:

Característica	Grao	
Dimensión da canle.	Altura ≤ 17 mm e base ≤ 50 mm	Altura > 17 mm ou base > 50 mm
Temperatura de instalación e servizo.	15 °C ≤ T ≤ 60 °C	-5 °C ≤ T ≤ 60 °C

¹ Como risco mecánico considerárase calquera causa que poida danar o illamento do cable de comunicación tal como o impacto, compresión, roedores, etc.

² En xeral o cumprimento con esta prescrición considérase cuberto instalando as bandexas ou os cables non armados no interior de ocios da construción rexistrables ou a unha altura de 2,5 m cando están instaladas sobre parede ou a 4 m no resto dos casos.

³ Esta protección mecánica pode proporcionala o uso adicional de tubos, canles ou cables armados, a interposición de barreiras adicionais que confiran a protección mecánica adecuada, etc.

Na páxina 81, no punto «6.2.3 Bandexas», na segunda fila da táboa, a continuación do recadro «Temperatura de instalación e servizo», na columna correspondente a «Bandexas», onde di: «-5 °C=T=60 °C», debe dicir: «-5 °C ≤ T ≤ 60 °C».